

902 10 64 74

A LIÑA DO GALEGO

linhadogalego@amesanl.org

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E O SEU SERVIZO A LIÑA DO GALEGO

Nas últimas semanas produciuse unha intensa campaña de criminalización e linchamento contra A Mesa pola Normalización Lingüística. Esta suxa campaña baseouse en difamacións e injurias, repetidas unha e outra vez a pesar de seren rotundamente desmentidas. **O obxectivo** que perseguen os grupos fácticos que están detrás de tal campaña **é faceren calar a unha das principais voces que defende a lingua galega e os dereitos lingüísticos en Galiza.**

Este documento quere dar resposta a estes ataques. Porque non pode ser que se continúe a difamar publicamente a quen non fai máis que defender a convivencia, a cultura e a lexislación.

Que é A Mesa pola Normalización Lingüística?

A Mesa pola Normalización Lingüística (tamén coñecida como “**A Mesa**”) é a maior agrupación cultural de Galiza, con case 3.500 membros. Ten 22 anos de ininterrompida actividade en defensa da cultura e da lingua do país, realizando tanto labores de sensibilización como de presión democrática para evitar a exclusión do galego en diferentes ámbitos e a discriminación dos seus usuarios e das súas usuarias.

A Mesa pertence á Axencia Europea de Linguas Minorizadas, promovida polo Parlamento europeo, con rango de organización consultiva da ONU e do Consello de Europa, entre outras institucións.

A Mesa foi a convocante das principais mobilizacións en defensa do galego, amplamente respaldadas por numerosas organizacións, institucións e persoas a nivel individual. No ano 2006, máis de 60.000 estudantes, segundo datos oficiais, pararon as aulas do país ao chamado da sección xuvenil da **Mesa**; o pasado mes de maio de 2008, unha manifestación convocada pola **Mesa** reuniu 25.000 persoas en Santiago de Compostela so o lema “Polo dereito a vivirmos en galego”.

A Mesa pola Normalización Lingüística envía cartas a empresas ou administracións?

Si. **A Mesa pola Normalización Lingüística**, igual que calquera outra organización, envía xa desde a súa creación cartas a diferentes persoas físicas ou xurídicas en relación cos obxectivos desta asociación. A maioría destas cartas prodúcense por comunicacións de persoas que ven vulnerado o seu dereito a utilizar o galego ou que son discriminadas por ese motivo, mais tamén por persoas que nos informan de novos pasos adiante que se dan para o noso idioma ou que simplemente achegan consultas sobre os seus dereitos lingüísticos.

Desde finais de 2007, **A Mesa** pasou a sistematizar este traballo de tramitación de queixas, consultas e parabéns, creando para iso **a Liña do Galego**, un servizo público que na súa posta en andamento contou coa axuda do Goberno galego e que na súa divulgación entre a sociedade é tamén apoiadas por diferentes administracións municipais, a

primeira das cales foi o Concello da Coruña, a través da súa Concellaría de Normalización Lingüística.

Como funciona a Liña do Galego?

A Liña do Galego recibe a información a través do correo-e linhadogalego@amesanl.org e do teléfono 902 10 64 74. É un servizo público e gratuíto ofrecido pola Mesa. Cando unha persoa chama ou escribe, ábrese un expediente, ao que se lle asigna unha numeración para poderlle facer seguimento. Hai tres tipos de expedientes: expediente de consulta, expediente de queixa e expediente de parabén.

A Liña do Galego garante a confidencialidade das persoas que a utilicen, mais en ningún caso tramita queixas anónimas.

No caso de algunha queixa ou parabén non se verificar, o expediente é anulado.

A Liña do Galego realiza informes públicos?

Con toda a información compilada de queixas, consultas e parabéns, a través da información achegada polos cidadáns e polas cidadás, realizarase un relatorio anual, indicando todos os expedientes tramitados e a situación dos mesmos. O primeiro destes relatorios será a comezos de 2009.

Este informe será enviado a diferentes institucións e organizacións galegas, estatais e internacionais, como o Consello de Europa.

Vulnera A Mesa a lexislación de protección de datos con este procedemento?

É absurdo dicir que por recoller datos sobre os dereitos lingüísticos en Galiza, enviados ademais polos propios cidadáns e polas propias cidadás, se estea a vulnerar a lexislación. A Mesa ten rexistradas as súas bases de datos na Axencia estatal correspondente.

Ademais, hai asociacións e fundacións no Estado español que realizan exactamente o mesmo esquema de traballo desde hai anos, incluído o relatorio público. Dubidar da corrección xurídica desta actuación parte unicamente dunha postura de má fe.

Tramita **A Mesa** queixas falsas?

Como antes se indicou, no caso de se mostrar que unha das queixas presentadas (ou dos parabéns) non se corresponde coa realidade, ese expediente será anulado. No relatorio anual non sen indicará o contido dos expedientes desestimados.

No resto dos casos, **A Mesa** actúa perante as discriminacións ou os incumprimentos da lexislación lingüística. Durante lustros, considerouse que as normativas legais que amparan o galego poden ser vulneradas impunemente. Os grupos máis reaccionarios da sociedade, que manteñen unha campaña contra o galego, non toleran que haxa unha voz que denuncie esta situación e que reclame o cumprimento do ordenamento xurídico que ampara o galego. Por iso difaman e tentan facer calar a acción da **Mesa**.

Faise pasar **A Mesa** por unha Administración nas súas comunicacións de queixas?

Todas as comunicacións de expedientes da **Liña do Galego** van identificadas co logotipo, o enderezo, a páxina web e o correo electrónico da **Mesa pola Normalización Lingüística** e asinadas polo seu presidente. A identificación da **Mesa** é inequívoca.

Sorprende a carencia máis absoluta de ética cando se sostén con insistencia, a sabendas de estar mentindo, que **A Mesa pola Normalización Lingüística** suplanta unha Administración nas súas comunicacións.

Pode utilizar **A Mesa** a palabra “expediente” para referirse ás queixas, consultas e parabéns que tramita?

Tanto é así que hai outras asociacións e fundacións no Estado español que, desde hai anos e sen o máis mínimo problema xurídico, tramitan como “expedientes” tanto queixas, como consultas e parabéns, igual que fai **A Mesa pola Normalización Lingüística**.

A utilización da palabra “expediente” non se refire a ningún tipo de sanción. De feito, tamén se sinalan como tales as consultas e as felicitacións.

Un “expediente”, segundo ben consta nos dicionarios, é o conxunto de trámites levados a cabo nun despacho

sobre un asunto e o conxunto de documentos que se van producindo neses trámites.

O informe anual que elaborará **A Mesa** con toda esta información ordénase por estes expedientes.

Obriga **A Mesa a que se responda ás súas comunicacións?**

A Mesa solicita ás institucións, organizacións ou empresas que reciben as súas cartas de queixa que tomen as medidas oportunas para corrixir a situación denunciada e que informen das mesmas. Trátase dunha solicitude que se agarda que sexa atendida por cortesía. Ademais, **A Mesa** dará conta da existencia ou non de resposta e das medidas adoptadas no seu relatorio anual.

É certo que o conselleiro Méndez Romeu considerou que **A Mesa “vulnera o ordenamento xurídico” ao tramitar queixas?**

Estes palabras de Méndez Romeu non teñen ningún tipo de valor nin administrativo nin xurídico, senón que forman parte dunha campaña mediática de ataques contra **A Mesa pola Normalización Lingüística**. Ben ao contrario do dito, **A Mesa** está obrigada a tramitar queixas, xa que asinou un convenio co Goberno galego (sendo el conselleiro) para xustamente ese cometido: “recibir e tramitar queixas, cando non se respecte o dereito ao uso do galego ou cando se sufra algunha consecuencia desagradábel polo seu uso.” O conselleiro José Luis Méndez Romeu ten unha coñecida traxectoria de ataques á lingua galega, á lexislación que ampara o galego e ás sentenzas xudiciais sobre a materia. Foi tamén concelleiro do goberno municipal de Francisco Vázquez, que se negaba a acatar a Lei de normalización lingüística e as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional. Despois dunha destas sentenzas, o actual conselleiro afirmou: “Es La Coruña y punto”, facendo gala así dunha actitude incívica, prepotente, de desafío ao ordenamento xurídico e aos tribunais.

Consultando a hemeroteca, poderase ver que xa en diferentes ocasións ten insultado a organizacións que defenden o galego. Non sorprende, pois, que manteña

os seus ataques contra a lingua galega e que a consellaría da que el é titular sexa a que na actualidade máis vulnera a Lei de normalización lingüística que o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade.

A Mesa tramita desde finais de 2007 varios expedientes de queixa relativos ao departamento do conselleiro Méndez Romeu. É doce meses despois do envío das primeiras cartas, xustamente tras se iniciar esta campaña mediática en contra da **Mesa**, cando Méndez Romeu envía esta resposta, que por certo chegou antes ás redaccións de xornais que á entidade á cal se enviaba, cunhas formas escasamente éticas, reprochábeis e moi irresponsábeis para un gobernante.

Esta misiva nin tan sequera tiña rexistro de saída, mostrando así ben ás claras que se trataba dunha comunicación sen ningún tipo de valor xurídico nin administrativo, senón que a súa única finalidade era a súa utilización mediática contra **A Mesa pola Normalización Lingüística**.

Ao longo deste ano, o Valedor do Pobo e o Defensor del Pueblo, igual que diferentes administracións locais, galegas e estatais responderon ás cartas enviadas pola **Mesa** sen lle veren ningún tipo de problema xurídico. O mesmo se debe dicir de departamentos da Consellaría de Presidencia, que responderon ás queixas da **Mesa** en numerosas ocasións ao longo destes doce meses. A realidade é que o conselleiro de Presidencia ataca **A Mesa** para así tentar evitar que se lle recrimine a súa vulneración da lexislación lingüística.

É certo que **A Mesa ameace ou coaccione a empresas?**

A Mesa nunca ameazou nin coaccionou a ningunha entidade nin ampara tal tipo de actitudes, que condena con rotundidade. Polo contrario, **A Mesa** utiliza sempre como ferramentas a persuasión, a sensibilización e a presión democrática.

Se p. ex. unha empresa discrimina a unha persoa por utilizar o galego, **A Mesa** lexitimamente pode reclamarlle por escrito que o deixe de facer ou, se o considerar oportuno, utilizar os medios de comunicación para denunciálo ou mesmo acudir aos tribunais de xustiza.

Dicir que **A Mesa** “ameaza”, “coacciona” ou “persegue” son difamacións. Por ese motivo, **A Mesa** estudará en cada caso a posibilidade de denunciar por injurias a quen a difame dese xeito.

É certo que **A Mesa** tramitou queixas contra comerciantes que non falan en galego?

Non. É unha mentira inventada polo PP e algúns medios de comunicación da súa órbita. Desde **A Mesa** xa se retou a que informen dunha soa carta enviada con ese contido. Non o fan porque tales comunicacións non existen. Con esa mentira, o que pretenden camuflar é a verdadeira situación: a discriminación en moitos ámbitos da lingua galega e dos seus falantes.

A Mesa tramitou queixas por comercios que non usan o galego na súa rotulaxe?

A Mesa tramita queixas relacionadas coa vulneración da lexislación lingüística e con discriminacións por razón de idioma.

No sector empresarial, **A Mesa** defende que o Goberno despregue todas as medidas indicadas no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) aprobado polo Parlamento de Galiza, entre as cales está a potenciación das axudas económicas directas ás empresas para a promoción do galego. Lamentablemente, o presidente Emilio Pérez Touriño está a incumprir o PXNLG por retirar esas convocatorias de subvencións, cando é unha liña de actuación que debería ser potenciada. Outra das medidas do Plan aprobado polo PP, o PSOE e o BNG é promover unha iniciativa lexislativa que recoñeza mellor os dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios. **A Mesa** entende que é urxente, pois o galego é a única lingua do Estado que carece dunha regulación que impida a súa exclusión neste sector, por exemplo establecendo que debe estar presente na rotulaxe. Carlos Negreira, portavoz do PP no Concello da Coruña, critica esta posibilidade que aprobou o seu partido. Non é estraño, pois xa el ten votado como deputado no Parlamento de Galiza en favor de medidas que inmediatamente criticou con dureza na calidade de concelleiro.

É certo que **A Mesa** tramitase 500 queixas a comerciantes da Coruña?

Non. Ese é un dato inventado por Carlos Negreira, igual que moitos outros. **A Mesa** tramita as queixas achegadas polos cidadáns e as cidadás e, no ámbito municipal da Coruña, só 19 destas queixas se referiron até o de agora a empresas, fronte ás 109 que por exemplo eran sobre a Administración municipal.

A través da **Liña do Galego**, tramitáronse queixas como o caso dun xefe de sección que insultou a unha traballadora de Carrefour coa frase “¡Burra, no hables linguas menores!” (ante o cal a empresa xa anunciou a adopción de medidas), unha pediatra do Hospital Modelo que recriminou a unha nai e o seu fillo coa frase “A mí nos os dirixáis en gallego”, etc.

Se Carlos Negreira, portavoz do PP na Coruña, está de acordo con discriminacións lingüísticas como que insulten a unha traballadora por falar en galego ou que unha pediatra lle prohiba ao seu paciente, menor de idade, que utilice o galego, debería dicilo claramente.

É verdade que **A Mesa** se dirixiu a unha imprenta da Coruña para que puxese a súa listaxe de prezos en galego?

Non é certo. A realidade é que a Imprenta Porvén da Coruña cobraba un sobreprezo no caso de que os traballos se solicitasen en galego, motivo polo cal **A Mesa** tramitou a correspondente queixa, xa que se trata dunha discriminación.

A Mesa tivo coñecemento desta situación a través de dúas comunicacións á Liña do Galego: un, dunha parella que quería realizar o convite de voda, e outro, dunha familia que quería facer o recordatorio da Primeira Comuñón. Nas dúas situacións, o prezo incrementábase por quererem usar o galego, como se a tinta fose máis cara por utilizar este idioma.

A imprenta recoñeceu por escrito que ía deixar de cobrar ese sobreprezo, mais tamén se dirixiu ao PP da Coruña para iniciar unha campaña pública na cal se presentaba como vítima dunha persecución, cando era ela a que discriminaba a súa clientela se quería utilizar o galego.

A Mesa tramita sancións?

En ningún caso. As sancións poden ser impostas polas Administracións, que teñen potestade para iso en casos de vulneración da lexislación, tamén da lingüística, porque é igualmente de obrigado cumprimento.

A Mesa pon en coñecemento das Administracións as situacións de vulneracións do ordenamento xurídico denunciadas pola sociedade a través da Liña do Galego, mais non solicita que se sancione economicamente, aínda que si entende que se debe facer en casos de incumprimento consciente e reiterado do lexislación, porque a Lei é igual para todos e para todas e non hai leis de primeira nin de segunda.

A Mesa recibe axudas públicas?

A Mesa é a principal agrupación cultural de Galiza en afiliación e presenta propostas de colaboración a diferentes empresas e administracións, aínda que a base dos seus orzamentos está nas súas cotas de socias e socios.

Algúns dirixentes do PP queren que **A Mesa** deixe de recibir diñeiro público, abrindo así de novo as listaxes negras que existían durante os seus gobernos. É unha visión totalitaria, de quen quere eliminar os seus inimigos, a pesar de que o labor que estean realizando sexa de interese público.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza obrigou ao Goberno galego, durante a presidencia de Manuel Fraga Iribarne, a subvencionar á Mesa pola Normalización Lingüística. Foron varias as convocatorias durante os gobernos do PP en que **A Mesa** era a única organización, de todas as solicitantes, ás que se lle negaba o diñeiro pedido.

O que xa resulta o cénite da manipulación é que se pretenda demonizar **A Mesa pola Normalización Lingüística** polo feito de que reciba diñeiro público para a súa actividade.



A MESA
POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA